

Instrución de 28 de outubro de 2021 relativa ao desbloqueo de datos persoais incluídos no programa Epsilon de xestión de recursos humanos

O Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, establece no seu artigo 5 os principios de integridade e confidencialidade, de tal modo que se garanta unha seguridade adecuada no manexo dos datos persoais, evitando o seu tratamento non autorizado. A este deber de confidencialidade tamén se refire o artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Para a aplicación destes principios en relación cos datos de recursos humanos da Universidade da Coruña, tratados co programa Epsilon, a Universidade da Coruña publicou con data de 14 de xuño de 2021 a Instrución relativa ao bloqueo do persoal da UDC incluído no programa Epsilon de xestión de recursos humanos.

A solicitude do Servizo de Persoal de Administración e Servizos, recibida na Secretaría Xeral con data de 26 de outubro de 2021, indicando a alta demanda de certificados provocada polos procesos de selección actuais en distintas administracións públicas que non poden ser emitidos mentres o provedor do programa EPSILON non realice as actualizacións correspondentes no programa, infórmase de que a dita Instrución de 14 de xuño queda sen efecto de forma temporal ata nova comunicación.

A Coruña, 28 de outubro de 2021

Luz María Puente Aba
Delegada de Protección de Datos da UDC
Adxunta á Secretaría Xeral

Código Seguro De Verificación	ZZxUFLTaCXGne2Mb4Sp4pQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Adxunta de Protección de Datos - Secretaría Xeral - Luz María Puente Aba	Asinado	28/10/2021 10:07:49
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZZxUFLTaCXGne2Mb4Sp4pQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

